

ACORDO ENTRE A DIRECCIÓN XERENCIA DO COMPLEXO HOSPITALARIO DE VIGO E A COMISIÓN DE CENTRO DO COMPLEXO HOSPITALARIO, PARA A REESTRUCTURACIÓN OU REORGANIZACIÓN DE SERVICIOS OU UNIDADES.

Como consecuencia da creación polo Decreto 95/2004 da Consellería de Sanidade, do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) na que se formula a necesidade de abordar un desenvolvemento organizativo que asegure unha adecuada coordinación dos recursos existentes, mantivéronse numerosas reunións entre a Dirección e a Comisión de Centro, en relación coa reorganización e reestructuración dos servizos, chegándose ó seguinte

ACORDO:

1.- Ámbito de aplicación e vixencia

Este acordo, será de aplicación a todo o persoal do CHUVI, que se vexa afectado por un proceso de reubicación, reorganización ou reestructuración de servizos ou unidades.

Terá carácter global e permanente para futuras reestructuracións que se poidan producir no marco deste Complexo Hospitalario.

2.- Criterios

As reestructuracións levaranse a cabo mediante a aplicación da seguinte escala de criterios

- 1) Voluntariedade
- 2) Eventualidades
- 3) Comisións de servizo
- 4) Interinidades
- 5) Promocións internas
- 6) Praza en propiedade con consolidación de posto en outras unidades
- 7) Praza en propiedade sen consolidación de posto na unidade afectada
- 8) Propietarios con postos de traballo consolidado na unidade

Nos criterios 2, 4 e 5, en caso de empate, o persoal a trasladar decidírase tomando en conta:

- a) a menor antigüidade de servizos prestados, e
- b) a menor idade.

Nos criterios 6 e 7, os aspectos a valorar en caso de empate serían:

- a) a menor antigüidade con praza en propiedade, e
- b) a menor idade.

En canto ó criterio 8, os aspectos a valorar no caso de empate serían:

- a) menor antigüidade de consolidación no servizo ou unidade,
- b) menor antigüidade da praza en propiedade, e
- c) menor idade.

Estes criterios aplicaranse de forma ascendente ou descendente segundo trátase de saída ou entrada, forzosa ou voluntaria nos servizos ou unidades.


3.- Procedemento

A redistribución de efectivos nos servizos levarase a cabo polo procedemento seguinte:

1º.- O persoal afectado pola reestructuración e que quede suxeito a un traslado de Centro, disporá dun prazo de 7 días ó obxecto de que poida acepta-lo devandito traslado de forma voluntaria.

2º.- Se o número de solicitudes voluntarias, xunto có número de postos no seu caso non afectados polo traslado, fora superior ós postos necesarios para o óptimo funcionamento do servizo, que será detallado en cada caso, terán preferencia para ocupalos e trasladarse aquelas persoas a quen lles corresponda conforme ós criterios pactados.

3º.- Se non houberse solicitudes voluntarias ou non fosen suficientes para cubrir a totalidade dos postos de traballo na unidade, o proceso de selección das persoas que deberán trasladarse, farase conforme ós criterios recollidos no punto 2º.



4º.- Ós profesionais que teñan o seu posto consolidado nunha unidade por concurso de mobilidade, e que aplicados os criterios anteriores teñan a opción de non trasladarse de centro, garantiráselles centro e quenda de traballo; para isto no proceso de reorganización, ofreceráselles con carácter xeral tódalas prazas vacantes da súa categoría, así como as de nova creación, se as houberse.

Os profesionais que tendo o seu posto consolidado nunha unidade por concurso de mobilidade, e que, por necesidades da reestructuración, teñan que trasladarse do seu Centro, terán opción ó reingreso no centro de orixe no prazo non superior a 6 meses, mediante a oferta de tódalas vacantes existentes da súa categoría, así como as de nova creación que xurdan nese período, podendo optar ó seguinte concurso de mobilidade interna, sen penalización ningunha.

No suposto que, ofertadas tódalas vacantes existentes, non fose posible mante-lo compromiso, establecerase un proceso de negociación.

A antigüidade destes profesionais reestructurados será, para tódolos efectos, a do servizo de orixe.

5º.- Aqueles postos da unidade ou servizo, que non se vexan afectados pola reestructuración ou reorganización, non lles será ofertado ningún novo posto, permanecendo na súa situación actual.

6º.- Os profesionais que teñan que ser reubicados e non teñan posto consolidado quedarán a disposición da Xerencia podéndoselles asignar provisionalmente os postos que queden vacantes despois da oferta.

7º.- O persoal trasladado forzosamente terá opción preferente a volver ó servizo ou unidade reestructurada con ocasión da súa ampliación ou apertura.

No caso de optar pola reincorporación, esta será automática.

8º.- Aqueles profesionais que foran afectados pola reestructuración, non poderán volver a ser obxecto de ningunha outra reestructuración nos dous anos posteriores.

9º.- Antes de calquera proceso de reestructuración ou reorganización, a Dirección informará e negociará coa Comisión de Centro do Complexo sobre os seguintes aspectos:

- Unidades ou servicios afectados.
- Relación de persoal afectado e a súa situación administrativa
- Organigrama, deseño e funcións do novo servicio ou unidade.

4.- Solicitudes

Cada traballador deberá presentar unha única solicitude que se axustará necesariamente ó modelo que será facilitado a tal efecto, no que se manifestará si acepta ou non voluntariamente o traslado. No suposto de ter posto consolidado por concurso de mobilidade e non desexar trasladarse, farase constar, pola orde de preferencia os postos de traballo ós que se opta, concretándose tal e como aparezan na convocatoria. A documentación existente no Complexo será aportada de oficio, debéndose presentar exclusivamente aquela que non conste no expediente administrativo persoal.

As solicitudes deberán dirixirse á Xerencia do Complexo e presentarse na Dirección de Recursos Humanos.

5.- Comisión de Seguimento

Constituirase unha Comisión de seguimento, que velará pola legalidade e formalidade destes procesos.

A Comisión de Seguimento, estará formada por catro membros, dous representantes dos sindicatos con representación na Comisión de Centro, e dous representantes da Dirección.

Esta Comisión reunirse cantas veces sexa necesario a petición de calquera das partes.

6.- Resolución

Á vista das solicitudes presentadas e a revisión efectuada pola Comisión de seguimento, informarase ó Xerente quen aprobará o resultado provisional do proceso, que se publicará na forma que se determine. Unha vez publicados os devanditos resultados, os interesados disporán dun prazo de 10 días hábiles a contar dende a data de publicación para presentar alegacións. Rematado o prazo e vistas as alegacións, o Xerente resolverá o proceso.

7.- Transporte

A Dirección facilitará, ós traballadores afectados polo proceso de reorganización que modifique o seu centro de traballo o transporte existente entre Hospital Xeral, Hospital Meixoeiro e Hospital Rebullón, en ámbalas dúas direccións. Comprometéndose a Dirección ó estudio da implantación do transporte circular entre os catro centros principais do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Vigo, 29 de abril de 2005

Asdo: D. Manuel Sánchez Delgado
Xerente C. H. Universitario de Vigo

XERENTE
COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO

Asco.: D. Antonio Iglesias Duarte
Presidente Comisión de Centro